

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE DA XUNTA DE GALICIA E A CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A. (CRTVG) PARA O FOMENTO DO DEPORTE DE BASE, DEPORTE FEMININO E ALTERNATIVOS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A SUBDIRECTORA XERAL DE XESTIÓN DEPORTIVA DA SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE,
DECLARA:

Que esta SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE formalizou coa CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A. (CRTVG) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 24 de maio de 2018 ata o 30 de novembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

É obxecto deste convenio establecer as liñas de colaboración, técnica e financeira, entre a Secretaría Xeral para o Deporte e a Corporación Radio e Televisión de Galicia, para o desenvolvemento dunha programación específica sobre deportes de base e minoritarios que será emitida por TVG, TVG2, Radio Galega e por crtvg.gal, correspondéndolle á CRTVG o establecemento da liña editorial e a consecuente responsabilidade sobre os contidos emitidos. O desenvolvemento desta programación específica centrarase naqueles deportes que teñan un seguimento minoritario ou que carezan da visibilidade dos deportes maioritarios, poñendo o acento no deporte feminino, base e nos deportes tradicionais e minoritarios, así como naqueles eventos que xurdan durante o período de vigor do convenio e que sexan considerados de importancia para a sociedade.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

I.- A Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 27.22, sinala a competencia da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de promoción do deporte.

O Decreto 76/2017, do 28 de xullo, polo que se fixa a estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, atribúe á Secretaría Xeral para o Deporte as competencias da comunidade autónoma en materia de deportes.



II. A necesidade de levar a cabo esta actuación, ven determinada pola prioridade para a Secretaría Xeral para o Deporte do fomento de hábitos saudables e a práctica deportiva mediante, entre outros mecanismos, a difusión e información actualizada sobre competicións e actividades relacionadas cos deportes de base e cos deportes minoritarios.

A Corporación de Radio e Televisión de Galicia, S.A. (CRTVG) ven prestando atención á información e difusión dos deportes de base e alternativos que se practican en Galicia a través da Área de Información da CRTVG nas canles TVG, TVG2, Radio Galega e crtvg.gal e os obxectivos informativos que se utilizan atenden á difusión de temas de actualidade e interese para a sociedade galega, o que inclúe información actualizada sobre competicións e actividades relacionadas cos deportes de base e cos deportes minoritarios.

A CRTVG, por razón do seu alto grao de audiencia e a súa raizame na sociedade galega, é un medio idóneo para impulsar os devanditos aspectos relacionados cos hábitos saudables e a práctica deportiva e ao mesmo tempo, que por este medio se considera de grande importancia revitalizar e impulsar a súa programación en todo o que respecta a estas actividades no ámbito da Comunidade Autónoma galega.

A colaboración financeira da Secretaria Xeral para o Deporte neste convenio non terá o carácter de prezo, senón de achega que se realiza para compensar ao medio de comunicación dos gastos nos que incorre como consecuencia da elaboración, planificación, posta en marcha e desenvolvemento da campaña obxecto do convenio. Porén, existe unha compensación acorde á actividade esixible ao medio de comunicación, sen marxe comercial de ningún tipo.

Este convenio ten a natureza dos previstos no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e o seu réxime xurídico virá determinado polas estipulacións previstas no propio Convenio e polos principios xerais resultantes da citada Lei.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 07 de xuño de 2018.

